Dorothy Scarborough

O vento

Tradución de Celia Recarey Rendo

O vento

O vento foi a causa de todo. A area tamén tivo parte no asunto, e houbo seres humanos implicados, pero o vento foi a forza primordial e, de non ser por el, nunca se produciría toda a secuencia de acontecementos. Tivo lugar no oeste de Texas, hai anos e anos, antes de que os grandes prados empezasen a ser divididos en granxas, a ser sachados e cultivados, cando non había nada que interrompese o varrer do vento polas pradarías sen árbores, cando a area voaba cunha furia cega a través das chairas ou xacía en burlonas ondas que nunca rompían en ningunha praia distante nin próxima, ou se depositaba en moreas que os volubles refachos desfacían case tan pronto como se erixían... cando en millas e millas non parecía haber máis que vento e area e un ceo baleiro e remoto.

Pero vós talvez non entendades os ventos do oeste de Texas. E aínda que os coñecésedes tal como son agora, iso non significaría gran cousa, pois hoxe xa non son como eran. A civilización cambiounos, amansounos, conforme os *vaqueros** e os gandeiros mudaron e domearon os cabalos salvaxes que vagaban polas pradarías moito tempo atrás. A civilización sacoulles parte da súa feroz forza elemental, volveu máis humilde o seu espírito. O home, construíndo casas aquí e alá

* N. da T.: En español no orixinal.

polas chairas, levantando valados, plantando árbores, rompeu a traxectoria do vento... arando a terra en cultivos onde medran cousas verdes, restoulle potencia para arrebolar furiosamente a area polas vastas e baleiras chairas. O home invadiu os dominios dos ventos e pouco e pouco, moi pouco e pouco, vainos conquistando.

Pero hai moito tempo era diferente. Os ventos eran salvaxes e libres, e tiñan máis poder que os seres humanos.

Entre os cabalos salvaxes das chairas había de vez en cando un veloz e forte e astuto que nunca se deixaba atrapar polo home, que nunca sentira o control das rédeas, a aguilloada da espora, un garañón que corría polas pradarías á vontade, sen ser capturado, sen que ninguén puidese capturalo; un exemplar cunha forza e unha velocidade tan sobrenaturais que ninguén podía darlle nunca alcance; tan astuto que non había artefacto capaz de atrapalo... un ser dunha sabedoría diabólica. Podíase oír o seu salvaxe rinchar á noite, cando galopaba polas chairas. Podíanse imaxinar as súas crinas voando tras del, os seus cascos a botaren chispas mesmo sobre a area mol, un cabalo satánico para o que ningún home sería nunca rival. Había quen o consideraba un cabalo fantasma, inmortal. Pero agora o seu agudo rinchar xa non se oe á noite polas pradeiras, pois o home escorrentouno. Fuxiu para outras pradarías, vastas, sen valados, que o home non invadiu, e agora só coñecemos a súa lenda.

Tamén o vento do norte era un cabalo salvaxe que corría polas chairas, de forza poderosa, espírito cruel, que infundía máis temor que o home. Podíase oír o seu rinchar á noite e imaxinalo varrendo as chairas coas súas imperiosas crinas voando tras del e os seus feros cascos dispostos a esmagalo a un.

Nos vellos tempos, os ventos eran inimigos das mulleres. Detestábanas porque vían nelas os símbolos desa civilización que pouco e pouco podía diminuír o seu poder? Porque era para as mulleres para quen os homes construían casas do mesmo xeito que antes escavaran refuxios; aumentaban os seus rabaños, convertían as pradarías sen valos en granxas, abrían regos naquela terra que nunca, desde o principio dos tempos, coñecera o tacto do arado, roubándolle a area aos ventos?

Os ventos eran crueis coas mulleres que acababan baixo a súa tiranía. Botábanse a elas sen cesar, xostregándoas coas súas xélidas axadas no inverno, queimándoas no verán co seu ardente alento, que lles resecaba a pel e lles endurecía o cabelo, e tratando de lles consumir os nervios de puro desgaste para expulsalas de alí.

E a area era a arma dos ventos. Proía no rostro como anacos de vidro, cegaba os ollos; metíase nas casas por fiestras e portas pechadas e por cada fenda e cada físgoa até volver incómodas as camas para se deitar nelas, a comida áspera para a comer e o aire abafante para respirar. Acumulábase contra calquera valado ou obstáculo en moreas tan altas como as da neve tras unha nevarada alá no norte.

Como podía loitar contra o vento unha muller fráxil e sensible? Como opoñerse a unha voz salvaxe, abouxadora que xamais lle permitía coñecer a paz do silencio, unha forza irresistible que se botaba a ela o día todo, un vento nu, incorpóreo, como unha pantasma máis terrible aínda por ser invisible, que lle dirixía os seus laios desde os ermos cada noite, chamando por ela como un amante diabólico?

Este libro entrou no
prelo o 10 de xuño de 2025